

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Xans

As *Xans*. Procesión de pantasmas que, a diferenza da *Compañía*, está formada por vivos. Forman dúas ringleiras e portan un cadeleito. Intérpretase que os participantes nesta procesión irán morrendo segundo a proximidade ao cadaleito; os que camiñan máis lonxe poden tardar 3 ou 4 anos.

Só os poden ver aqueles que o padriño ao bautizalos dixese mal o credo ou que o crego oficiante cambiase os óleos de bautizar polos da Extremaunción. Esta situación só se pode remediar se se repite, e ben feita, a cerimonia do bautismo. Soen deixarse ver nas encrucilladas, pero non se poden sentir, e ademais son vingativos. Se a persoa que os ve é amiga dos que van na procesión, non ten perigo, pero de levarse mal con algún deles, é seguro que o arrastrarán polas silveiras.

BIBLIOGRAFÍA

CUBA, Xoán R., MIRANDA, Xosé e REIGOSA, Antonio: Diccionario dos seres míticos galegos, Xerais, Vigo, 1999.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E.: Diccionario Enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo, 1961.

COMENTARIOS ENVIADOS

Ben, eu teño referencias dunha tradición distinta das xans. Fágovos resume e apporto un primeiro escrito sobre elas, a ver se vos interesa ou existe noutros lugares. Nos cercanos pobos de san Xoán de Louredo e san Antonio de Remuíño, concellos de Cortegada e Arnoia, respectivamente, a xente ca que falei recorda as xans como luciñas, lumiños, que se podían ver de día ou de noite, relacionadas ca morte moitas veces, inda que as podías ver de lonxe e non pasaba nada.

Aquí vos apporto un pouco máis, inda que estou pensando nunha continuación que complementa o escrito:
<https://delouredo.blogspot.com/2016/05/as-xans.html>

Enviado por Félix Álvarez Rodríguez o 22/04/2020 ás 14:16:20